

Actuacións da Deputación de Pontevedra en 2006

ESTRATEGIA DE DESARROLLO LOCAL Y DE COOPERACIÓN INTERMUNICIPAL

NOVAS DE PRENSA

ANO 2006

ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

O vicepresidente da Deputación, José Juan Durán, visitará a exposición fotográfica organizada pola Asociación de veciños San Roque

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gabinete de Comunicación

12 XANEIRO 2006

O presidente Asociación de Veciños San Roque, Sabino Martínez, reuniuse co Vicepresidente da Deputación e deputado delegado de cultura, José Juan Durán. Esta xuntanza tiña como principal obxectivo solicitar a presenza do vicepresidente Durán e da vicepresidenta Teresa Pedrosa para a clausura da exposición fotográfica organizada pola asociación sobre as escaleiras do noso entorno.

Neste senso, José Juan Durán comprometeuse a visitar esta exposición na que a Deputación aportou algunas das 201 fotografías. De feito, a fotografía que se utilizou para a promoción da exposición, que estará ata o 19 de xaneiro aberta no local da asociación, é unha fotografía que data do ano 1939 ou 1940 e que pertencia o arquivo da Deputación provincial.

Do mesmo xeito, o presidente da Asociación de Veciños San Roque quería ademais que a visita dos deputados á asociación servirá para que estes coñeceran o funcionamento do novo local e as actividades que nas novas instalacións están a desenvolver. José Juan Durán recoñeceu a importante labor desta asociación de veciños e tamén "a súa implicación na difusión cultural e histórica da actividade da cidade de Pontevedra".

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación o sábado 21 do libro Segredos de Ribadumia editado polo Servizo de Publicacións

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 XANEIRO 2006

O presidente da Deputación, Rafael Louzán Abal, o vicepresidente e deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, a alcaldesa de Ribadumia, Salomé Peña Muñiz, e técnicos do organismo provincial asistirán á presentación do libro "Segredos de Ribadumia. Estudo artístico do seu patrimonio", cuxos autores son Javier Montero Pérez e Belén Castro Fernández, editado polo Servizo de Publicacións da institución.

A presentación terá lugar o sábado 21 de xaneiro ás 12.30 h no salón de Plenos do Concello de Ribadumia.

Segredos de Ribadumia, que sae á luz por desexo do Concello e grazas ó apoio do departamento de Cultura e o Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, pretende ser unha publicación de carácter divulgativo que recolle nun só volume a diversidade arquitectónica do concello pero sen descoidar o seu rigor histórico e analítico.

O seu punto de partida foi o Inventario de patrimonio etnográfico inmobiliario en Ribadumia, elaborado no ano 2002 por Uxía Palladares Dovalo no marco do Plan Labora da Xunta de Galicia. Arrancando de aquí os autores empezaron o seu percorrido polo termo municipal adiante para nos ir descubrindo os "segredos" do seu patrimonio histórico cultural, achegándonos a esa arquitectura coñecida e admirada por todos coma as igrexas ou os pazos pero así mesmo a esa rica variedade de construcións anónimas, nadas no seo do pobo e, daquela, sen outra pretensión cá de facer fronte ás súas necesidades, como son as casas, muíños, pombais ou alpendres, herdanza que conforma unha cultura propia que cómpre manter viva pois representa a nosa tradición.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O presidente da Deputación participa na presentación do libro "O mosteiro de A viveiro. Terra de Montes"

O libro editado polo Servizo de Publicacións tivo a súa primeira edición en outubro de 1973

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 XANEIRO 2006

Asistirán o sábado 21 á presentación do libro titulado "O mosteiro de Aciveiro. Terra de Montes" o presidente da Deputación pontevedresa, Rafael Louzán Abal, o vicepresidente e deputado da área de cultura, José Juan Durán, o alcalde do Concello de Forcarei, así como técnicos do Servizo de Publicacións da institución provincial.

O acto vai ter lugar no mosteiro de Santa María A Real de Aciveiro ás 18.00 horas. Xunto á obra de Rodríguez Fraiz proxectarase o documental "Amelia de Terra de Montes", de Federico de la Peña, e o CD-libro de gravacións dos gaiteiros de Soutelo.

O mosteiro de Aciveiro, cuxa primeira edición se remonta a outubro de 1973 e reedita en lingua galega o Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra no ano 2005, é un estudo de investigación histórica no que Antonio Rodríguez Fraiz nos desvela o enigma desta construcción relixiosa, descoñecida debido á queima dos seus arquivos e ás escasas referencias documentais que se conservan.

O autor describe neste traballo o interior, os exteriores do templo e a súa localización, descobre a súa fundación, a vida relixiosa, así como as doazóns e privilexios reais dos que foi obxecto. A obra mostra así mesmo o poderío relixioso, social e económico que chegou a acadar o mosteiro, non dos máis ricos pero si posuidor dun importante conxunto de bens, foros, rendas e encomendas. Por último amósase unha relación dos abades e relixiosos que rexeron o convento e recóllese un cancioneiro que trata de motivos diversos do mosteiro e dos seus habitantes.

Neste acto, xunto ó libro de Aciveiro proxectarase a versión completa do documental de Federico de la Peña, Amelia de Terra de Montes, patrocinado pola Deputación de Pontevedra, do que tamén se efectúa a presentación en Aciveiro por ser o lugar onde se gravou.

De la Peña realiza un percorrido pola natureza da Terra de Montes da man de Amelia, anciá que vive soa e fortemente enraizada ós seus costumes. Faise un repaso polas dúas estacións principais do ano, a primavera e o outono, amosando e achegándonos as súas plantas e animais más interesantes e asemade inmortalizando vellas crenzas e tradicións que se están a perder.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O xoves 16 de marzo, terá lugar a estrea do vídeo Amelia de Terra de Montes, de Federico de la Peña, na biblioteca pública de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
09 MARZO 2006

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra estreará o vindeiro xoves, día 16 de marzo, ás 20:00 horas, o vídeo documental Amelia de Terra de Montes.

Ó acto, que se vai celebrar no salón de actos da Biblioteca Pública de Pontevedra, asistirá o realizador do vídeo, Federico de la Peña, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, e o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida.

Este traballo inclúese dentro da colección de audiovisuais, unha serie iniciada polo Servizo de Publicacións desta Deputación e que na actualidade engrosa unha parte importante do seu Catálogo. En efecto, con esta colección preténdese amosar, a través da imaxe, o contorno e o patrimonio da nosa provincia.

Este ambicioso documental sobre a comarca de Terra de Montes permitirános apreciar a fermosura dun lugar no que natureza e tradición permanecen inalteradas. Federico de la Peña será quén de amosarnos unha parte importante da vida animal e vexetal desta zona nun percorrido polas distintas estacións do ano, deténdose preferentemente no outono e na primavera. Neste camiño teremos a oportunidade, tamén, de ollar un tradicional aparello: o muíño, noutros tempos elemento de grande importancia económica e social.

É esta unha viaxe pola natureza de Terra de Montes da man de Amelia, unha anciá que vive soa e que serve de base para afondar nos valores paisaxísticos do lugar. Amelia achegaranos, así mesmo, vellas tradicións e lendas que áinda se manteñen vivas, contos que pasaron de xeración en xeración pero que corren o risco de se perder.

Tradición e modernidade mestúranse neste traballo: as novas xeracións, por unha banda, que foxen cara á cidade e os vellos, pola outra, que se resisten a abandonar a súa aldea e a súa forma de vida. Amelia é, precisamente, unha das anciás que elixiu pasar os seus últimos días soa pero na súa terra, na Terra de Montes.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

Actualizada a base de datos da Biblioteca "Suárez Llanos"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
03 ABRIL 2006

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico procedeu a actualizar a base de datos da Biblioteca "Suárez Llanos" poñendo ó día a información directa dos seus fondos a través da consulta "on line" do seu catálogo, froito dun proceso continuado de traslado da información dos seus catálogos dende os soportes tradicionais (fichas en papel) a soportes informáticos.

O elevado volume de publicacións coas que se conta, que supera amplamente os vinte mil títulos, aconsellou inserir paulatinamente a información no catálogo dispuesto na páxina web para a consulta libre, toda vez que isto incide na difusión daqueles e por ende na súa consulta e aproveitamento, tanto nas propias instalacións da biblioteca como facendo uso do servizo de préstamo a domicilio co que, de balde, conta esta institución.

Ata o de agora dispone da información referida ás publicacións existentes na biblioteca pertencentes ó "Fondo Galicia", que recolle fondos bibliográficos con temática, autoría ou edición relacionada coa nosa comunidade autónoma, porque se estimou oportuno por razóns obvias iniciar con ela este proceso.

Tras un complexo proceso técnico conta xa o catálogo en rede, logo da recente actualización, cun total de 6.358 rexistros, que poden ser consultados a través dun modelo de consulta que posibilita as buscas por autor, título, materia, lugar e data de publicación e editorial, ofrecendo a información sobre a obra localizada en dúas modalidades: ficha segundo as normas ISBD ou ficha etiquetada coa presentación abreviada dos principais datos técnicos.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación do libro Historia de Vigo y su comarca no Museo de Arte Contemporánea de Vigo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
12 ABRIL 2006

A Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro xoves, día 20, ás 19:30 horas unha reedición facsimilar do libro de José de Santiago y Gómez, Historia de Vigo y su comarca, editado polo Servizo de Publicacións desta institución, en colaboración co Instituto de Estudios Vigueses.

Á presentación, que terá lugar no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (Marco), asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hemida, a alcaldesa de Vigo, Corina Porro Martínez, o director do Instituto de Estudios Vigueses, Gerardo Sacau Rodríguez, así como o xornalista Gerardo Rodríguez Martín, que fará un comentario da obra.

Constitúe este un elaborado trabalho de investigación, resultado, á súa vez, dun amplo estudo historiográfico que durou varios anos. Para a súa realización, ó autor foille necesaria a consulta de bibliotecas e arquivos, na busca de datos e documentos inéditos que permitisen descubrir a historia da cidade de Vigo e a súa extensa comarca.

A narración comeza cunha introdución na que se expoñen as condicións climatolóxicas e topográficas da zona. A continuación, describense as orixes dos primeiros poboadores de Galicia ata a invasión xermana e realízase unha análise de Vigo durante a Idade Media e o reinado da dinastía de Austria ata o advenimiento da de Borbón. Remata o libro cunha narración dos importantes sucesos que aconteceron na cidade dende a dinastía dos Borbóns ata finais do século XIX.

É esta, en definitiva, unha obra de gran valor histórico que nos permitirá coñecer a xénese e a evolución de Vigo dende a prehistoria ata o século XIX, un traballo que vén a sumarse a outros editados por este Servizo de Publicacións nos que esta cidade é o obxecto fundamental de estudio.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Cartoteca incorpora ó seu Fondo Cartográfico Antigo o traballo cartográfico rexional máis importante do século XIX: A "Carta Geométrica de Galicia" realizada por Domingo Fontán

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 03 MAIO 2006

A cartografía antiga ten un múltiple interese; móstranos tanto os distintos procesos de proxección territorial acaecidos, como o grao de coñecemento sobre o territorio existente en cada momento ou o estado de desenvolvemento da propia ciencia cartográfica. A adquisición do documento cartográfico antigo orixinal é moi difícil e ás veces imposible polo que temos que recorrer á reproducción dixital para poder dispoñer do documento no noso fondo.

O conxunto de documentos cartográficos antigos sobre Galicia en xeral, e sobre Pontevedra en particular, aínda hoxe sen coñecer na súa totalidade, é moi amplo. En Galicia brilla con luz propia a figura de Domingo Fontán, que naceu en Portas no ano 1788 e foi catedrático de matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

A Cartoteca na súa política de adquisición da cartografía antiga incorporou ó seu fondo unha das obras mestras da cartografía galega, considerado o traballo cartográfico rexional máis importante do século XIX, a denominada "Carta Geométrica de Galicia", realizada por Domingo Fontán entre 1817 e 1834 a escala 1:100.000. Gravado e publicado en París, baixo a dirección do autor, por L. Bouffard no ano 1845. Proxección de Bonne e levantamento apoiado nunha rede xeodésica realizada por el mesmo.

Os traballos previos iniciáronse no ano 1817, determinando, mediante observación astronómica, a posición exacta da torre do reloxo da catedral compostelá, punto central da triangulación que levou a cabo. O primeiro de decembro de 1834 presenta o manuscrito da "Carta Geométrica de Galicia" ante a raíña gobernadora, María Cristina de Borbón, aínda que a necesidade de atopar un experto gravador para a publicación da carta fixo que non fose impresa ata 1845, levándose adiante o labor en París, baixo a dirección do autor, por L. Bouffard, quen ante o gran tamaño do mapa, cunha caixa de 215x234 cm gravou a "Carta Geométrica de Galicia" en doce seccións, insertando outro pequeno mapa de escala 1:800.000 coa indicación da triangulación fundamental. O mapa consta de 12 follas de 73x60 cm e conta cunha escala en leguas e outra en millas; como orixe das lonxitudes tomábase o meridiano do Real Observatorio de San Fernando. Este mapa supón o primeiro levantamento cartográfico de Galicia.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.deponcevedra.es/>

Rematouse a primeira fase da organización da hemeroteca do Servizo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 08 MAIO 2006

Nos últimos tempos o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico está a desenvolver unha serie de traballos encamiñados a pór en marcha unha hemeroteca que lles facilite ós investigadores o acceso á información contida nas principais publicacións periódicas que fan referencia ós diferentes ámbitos culturais da nosa comunidade autónoma, xa sexan editadas en Galicia ou noutro lugar.

Para chegar ó estado actual levouse a cabo un labor de recuperación de material existente na propia biblioteca e que, na medida do posíbel, foi completada mediante adquisicións de números atrasados, así como de subscricións encamiñadas a garantir a continuidade e a permanente actualización de dito fondo.

Neste senso, o Servizo agradece enormemente a colaboración de todas aquelas asociacións, institucións, editoriais e incluso autores a título particular que realizaron un esforzo para pór á nosa disposición exemplares que, en moitos casos, estaban xa esgotados e que agora poderán ser consultados por todos os usuarios da hemeroteca.

A principal novidade consiste na realización dun baleirado completo de todas e cada unha destas publicacións, que posibilitará a busca (a través dunha base de datos propia) de todas e cada unha das palabras contidas nos sumarios destas revistas, o que permitirá, por exemplo, acceder de xeito inmediato a calquera artigo publicado por un determinado autor, ou ben localizar automaticamente dito artigo se coñecemos todo ou parte do seu título. Poderemos así mesmo localizar en cuestión de segundos os traballos publicados sobre determinada persoa, cidade, edificio... simplemente tecleando o seu nome.

Este fondo consta na actualidade de 306 títulos de publicacións que van desde os anos 50 ata a actualidade e que arroxan un total de más de 12.000 unidades (exemplares de revistas) e preto de 1.000 caixas arquivadoras situadas no depósito da Biblioteca. Ten un carácter multidisciplinar e alberga títulos coma o "Anuario Brigantino", "Anuario da Gaita", "Auriensia", "Boletín Galego de Literatura", "Descubrindo Deza", "Grial", "A Estrada", "El Extramundi", "Microfisuras", "Moda Gallega", "Obradoiro de H^a Moderna", "O ollo público", "Pregón", "Regap", "Pontevedra", "Pontenova", etc. A listaxe completa estará proximamente a disposición dos usuarios a través da web do Servizo.

Trátase, en calquera caso, dun fondo permanentemente aberto, que diariamente aumenta o seu volume coa incorporación das novas publicacións, ó tempo que se continúa co traballo de recuperación de exemplares atrasados. Neste senso, o Servizo agradece a colaboración que a tal fin poida prestar calquera persoa ou institución interesada en que as súas publicacións formen parte do noso fondo, colaboración que agradecemos de antemán e que será puntualmente atendida a través do correo biblioteca@deputacion.depontevedra.es

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Jose Juan Durán confirmou que se cumplirán os prazos de remate final das obras do Museo e do Arquivo Provincial

A estrutura exterior do Arquivo Provincial quedará levantada en setembro para dar inicio a fase interior

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Gabinete de Comunicación

18 MAIO 2006

O Pazo Provincial acolleu hoxe dúas comisións de seguimento das obras do Museo e do Arquivo Provincial. Ó seu remate, o vicepresidente e deputado delegado de Cultura, José Juan Durán, informou hoxe que as obras de remodelación do novo edificio do Arquivo Provincial sofren un lixeiro retraso de un mes e medio sobre o calendario previsto, "debido á complexidade que supuxo a fase de demolición do edificio xa que o proxecto contemplaba a conservación de parte das fachadas".

Non obstante, José Juan Durán avanzou que no mes de setembro quedará concluída a estrutura exterior o que permitirá acometer os traballos interiores de albanelería durante o outono e o inverno. Do mesmo xeito, aclarou que, a pesares deste retraso "seguimos mantendo a primavera de 2007 como data de remate das obras e a definitiva ubicación do Arquivo Provincial". Actualmente as máquinas están procedendo á instalación dos micropilotes sobre os que descansará a estrutura nova.

Con respecto ás obras de ampliación do Museo de Pontevedra, Durán asegurou que "avanzan a un ritmo importante a pesar de que se trata dunha obra de gran complexidade na súa execución debido ós diferentes volumes que contempla como por exemplo patios interiores, pasadizos aéreos entre a parte nova e o edificio Sarmiento, etc.". En todo caso, José Juan Durán avanzou que o ritmo que seguen estes traballos "nos permitirá manter os prazos da vindeira primavera, meses de febreiro ou marzo, para o remate da obra civil".

Entrevista con responsables do Ministerio de Cultura

Finalmente o deputado delegado de Cultura comentou que de momento a Deputación non tivo ningunha resposta do Ministerio de Cultura para fixar unha data concreta co fin de manter unha entrevista con responsables desta administración estatal. Compre recordar que o propio presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, solicitou unha entrevista á Ministra de Cultura, Carmen Calvo, para explicarlle ó desenvolvemento das obras do Museo de Pontevedra e solicitarlle a súa colaboración no proxecto de acondicionamiento interior do centro cultural. O Ministerio respondeu, pero debido a problemas de axenda polo momento non fixou ningunha data de reunión.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Este mércores, 31 de maio, terá lugar a presentación do libro Liceo Casino de Pontevedra, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 MAIO 2006

A Deputación de Pontevedra presentará este mércores, día 31, o libro Liceo Casino de Pontevedra, editado polo Servizo de Publicacións desta institución.

Terá lugar unha primeira presentación no Pazo provincial, ás 13:30 horas, de cara ós medios de comunicación, e outra, ás 20:30 horas, no salón nobre do Liceo Casino de Pontevedra. A este último acto asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, o presidente do Liceo Casino de Pontevedra, José Angel Fernández Arruty así como outras autoridades, ademais dos autores.

Este traballo forma parte da colección Hellenes, unha serie que engrosa unha parte importante do Catálogo de publicacións e que agrupa todos aqueles estudos referidos á capital pontevedresa. Nesta ocasión, con este libro a Deputación de Pontevedra quere contribuír á conmemoración dos xa 150 anos de vida do Liceo Casino, a institución cívica máis antiga de Pontevedra.

A través da súa lectura poderemos recordar fitos históricos destacados coma a entrega da medalla de ouro á S.A.R o príncipe de Asturias ou á Escola Naval Militar, ademais doutros grandes acontecementos sociais que tiveron lugar nos salóns da Sociedade. Lembraremos, así mesmo, episodios negros na súa historia, como foi a perda da propiedade do teatro ou o incendio de 1980, que destruíu o edificio social e toda a súa documentación.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

A Cartoteca provincial está a actualizar o seu catálogo coas novas adquisicións

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
31 MAIO 2006

O fondo cartográfico da Cartoteca, como sección especializada dende o punto de vista xeográfico no ámbito local, configúrase como unha unidade esencial de apoio á vida cultural en canto á materia cartográfica se refire, achegando, conservando e difundindo todos aqueles recursos cartográficos dispoñibles no seu fondo.

O valor informativo que a documentación cartográfica ten como sinal de identidade dun pobo fai necesario levar a cabo unha adecuada e continuada selección e adquisición do material, así como o seu posterior proceso técnico de catalogación para poñer á disposición dos seus usuarios a totalidade do fondo a través do catálogo en liña dispoñible na súa páxina web, feito polo que a sección de documentación cartográfica do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico está a completar a catalogación do novo material adquirido, correspondente a 133 fotografías aéreas oblicuas ou tamén chamadas panorámicas.

Ditas fotografías foron adquiridas mediante compra á empresa "Paisajes Españoles, S.A."; son fotografías aéreas en branco e negro dos diferentes concellos da provincia de Pontevedra, en contacto papel e dixital: CD ROM a 30 MB, e contacto tamaño 20 x 25 cm, realizadas entre os anos 60 e 70 do século XX.

Esta adquisición permitirá por unha banda o crecemento do seu fondo, o cal suporá un incremento en máis dun centenar de fotografías aéreas oblicuas e, por outra, ser un referente no material cartográfico especializado na provincia de Pontevedra.

En breve dita información será accesible no catálogo en liña que se está a revisar continuamente para ofrecer ós seus usuarios a información más actualizada de todo o material cartográfico do seu fondo.

A cartoteca seguirá a priorizar a adquisición de todo tipo de material cartográfico de ámbito xeográfico provincial. Dentro dunha liña de actuación que ten como obxectivo fundamental o manter a vocación de servizo público desenvolvendo unha política de adquisicións selectivas orientada ós servizos da propia institución, os concellos, os investigadores e os cidadáns en xeral, coa vontade de colaborar e complementar a outras institucións e organismos.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O venres, 30 de xuño, terá lugar a presentación do libro *Marín. Un siglo para la historia*, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
22 XUÑO 2006

A Deputación de Pontevedra presentará o venres, 30 de xuño, ás 20:00 horas, o libro *Marín. Un siglo para la historia*, editado polo Servizo de Publicacións da institución provincial e que constitúe unha nova entrega para a colección "A provincia en imaxes".

Ó acto, que se vai celebrar no Museo municipal Manuel Torres de Marín, asistirá o autor, Laureano Mayán Taboada, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, e o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida.

"Marín, un siglo para la historia" é un traballo que intenta amosar os cambios que, nalgúns aspectos, se foron sucedendo na vila de Marín durante o século pasado.

A súa lectura permitiranos coñecer as súas orixes, a heráldica municipal, os alcaldes que fixeron historia e outros personaxes emblemáticos.

É este tamén un estudo do significado, da identidade e dos cambios de nome que, ó longo do tempo, sufrión as súas rúas. Descubriremos, así mesmo, feitos reais, anécdotas e curiosidades da lonxa vella de Marín, o florecemento da industria pesqueira, o transporte e a orixe da Escola Naval Militar. Tamén aparecen recollidas nas súas páxinas as sociedades culturais, as obras artísticas relacionadas co mar, os lugares de espaxeamento e ocio, os locais de culto relixioso, os deportes, as institucións públicas e mesmo as agrupacións musicais que áinda hoxe seguen a existir.

A ampla colección de imaxes que aparecen reunidas nesta publicación dá mostra da profunda transformación experimentada na vila, fundamentalmente da gran cantidade de terreo que se lle gañou ó mar nunha forte apostase polo desenvolvemento industrial. Con todo, o transcurso do tempo e os cambios experimentados non impidiron que Marín seguisse a manter vivo un profundo vínculo con esta industria, con este mar e, por ende, coa súa propia identidade.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentará o martes, 27 de xuño, o libro *Cobián, González Besada e Bugallal: tres ministros galegos na crise da Restauración, no Café Moderno*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
22 XUÑO 2006

A Deputación de Pontevedra presentará o martes, 27 de xuño, ás 20:00 horas, o libro *Cobián, González Besada e Bugallal: tres ministros galegos na crise da Restauración*, editado polo Servizo de Publicacións desta institución.

O acto terá lugar no Café Moderno e asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, e os autores do libro, Rafael Vallejo Pousada, Juan Pro Ruiz e Juan Pan-Montojo. Tamén se contará coa intervención do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, que fará a presentación do libro.

Este traballo de investigación recolle as biografías de tres ministros galegos na crise da Restauración: Cobián, González Besada e Bugallal.

A orixe da obra remóntase ós artigos bibliográficos que os autores fixeron destes políticos, nos que estudaban o seu paso polo Ministerio de Facenda. Así mesmo, para a súa realización foille necesaria a consulta de arquivos públicos e privados, ademais da información proporcionada polas respectivas familias destes tres pontevedreses ilustres.

Eduardo Cobián, Augusto González Besada e Gabino Bugallal foron políticos nados na provincia de Pontevedra que ocuparon postos de responsabilidade na política española da Restauración. Convertéronse, tamén, deste xeito, en benefactores políticos, pola súa posición en Madrid, con capacidade para distribuíren bens entre os seus representados. Foron, ademais, obxecto de críticas por parte da oposición, que negou en todo momento que as políticas promovidas polos políticos galegos influentes en Madrid fosen eficaces para estimular o desenvolvemento económico e social de Galicia.

Este traballo representa un intento por comprender dunha forma axeitada parte desta historia da Galicia contemporánea a través dos tres personaxes, dada a carencia de investigacións neste sentido. O resultado foi un estudo integral destes, tanto no plano da política pontevedresa e galega canto no da estatal. Remata o libro cunhas conclusións finais nas que se recollen os fíos comúns da traxectoria de cada un dos biografiados e nas que se proporciona unha aproximación ó funcionamento do xogo político e elitista da Restauración.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Deputación de Pontevedra presentará o venres, 30 de xuño, o vídeo *Galicia e a súa flor. A camelia, no Padroado de Turismo Rías Baixas*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
22 XUÑO 2006

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro venres, día 30 de xuño, ás 13:00 horas, o vídeo *Galicia e a súa flor. A camelia*.

Ó acto, que se vai celebrar na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas, asistirá a directora do vídeo, M^a del Carmen Samartín Cornes, o xerente do Padroado de Turismo Rías Baixas, Octavio Rodríguez Nieto, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, así como o deputado provincial de Cultura, José Juán Durán Hermida.

Este traballo audiovisual, incluído na colección "Natureza galega", recolle imaxes da que, sen dúbida, é a flor das Rías Baixas e de Galicia enteira, a camelia. Durante 45 minutos faise un percorrido por varias das más de 200 especies da flor e pola natureza na que se integra.

Aínda que con frecuencia o arbusto que sustenta a flor ten pouca altura, pode alcanzar varios metros e vivir centos de anos sen avellentarse. De feito, o chan e o clima suave do noroeste de España son condicións excelentes para o seu crecemento.

Pero tamén se expoñen no vídeo algúns factores que afectan ó seu equilibrio. Diversos insectos, fungos e virus provócanlle danos. Tamén a friaxe, a sarabia, a choiva pesada e a forza do sol poden chegar a ferila, afectando á parte máis delicada, a flor.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Servizo de Publicacións instala un stand propio nas feiras do Libro da provincia de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
07 XULLO 2006

Dende o ano 1987 o Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra vén concorrendo anualmente ás distintas edicións que se teñen celebrado da Feira do Libro, tanto na capital pontevedresa coma en Vigo e, nos últimos anos, en Cangas.

Amén da colaboración institucional e da achega económica que a Deputación dedica á súa organización, montaxe, actos paralelos e exposición cultural, o Servizo de Publicacións instala un stand propio, no que se veñen expoñendo a totalidade das publicacións editadas dende 1986, con especial incidencia nas últimas novedades e naquelas que teñen especial demanda.

No ano actual esta participación iniciouse na cidade de Vigo na que xa se está a desenvolver esta actividade dende o 30 de xuño ata o 9 de xullo, cunha duración total de 11 días. Unha vez rematada, tomará o relevo durante dez días a Feira do Libro de Pontevedra, dende o 13 ata o 21 de xullo, para rematar en Cangas, nun período menor de seis días, dende o 22 ata o 26 do mesmo mes.

Nestas datas e no stand de Deputación repartirase o catálogo de publicacións e poderanse ollar as principais novedades derivadas do labor editorial desenvolto no presente ano, tanto de publicacións periódicas como de monografías, das diferentes coleccións. Destacan entre as novedades as seguintes:

Pintar en la era digital de Carmen Hermo; **Historia de Vigo y su comarca**, reedición facsimil de José de Santiago y Gómez ; **Gallaecia** de José Bugallo; o vídeo **Amelia de Terra de Montes** de Federico de la Peña; **Adeus Norte** de Ramiro Fonte; **El viento del desierto** de Cecilio Muñoz Abela; **Marín, terra e mar. Os mareantes e a Confraría de San Miguel** de Eligio Rivas Quintas e José Rodríguez Cruz; **Andar ao leu** de Elvira Riveiro Tobío; **Anxo Cabada. Materia de sombras** de Anxo Cavada; **Os gozos e as sombras** de varios autores; **Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego** de Xosé A. Fernández Salgado; **A Casa de Valladares** de Felipe Castro Pérez; **Aves do río Gafos** da Asociación Vaipolorio e **O Mosteiro de Aciveiro. Terra de Montes** de Antonio Rodríguez Fraiz.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Servizo de Publicacións instala un stand propio nas feiras do Libro da provincia de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
07 XULLO 2006

Dende o ano 1987 o Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra vén concorrendo anualmente ás distintas edicións que se teñen celebrado da Feira do Libro, tanto na capital pontevedresa coma en Vigo e, nos últimos anos, en Cangas.

Amén da colaboración institucional e da achega económica que a Deputación dedica á súa organización, montaxe, actos paralelos e exposición cultural, o Servizo de Publicacións instala un stand propio, no que se veñen expoñendo a totalidade das publicacións editadas dende 1986, con especial incidencia nas últimas novedades e naquelas que teñen especial demanda.

No ano actual esta participación iniciouse na cidade de Vigo na que xa se está a desenvolver esta actividade dende o 30 de xuño ata o 9 de xullo, cunha duración total de 11 días. Unha vez rematada, tomará o relevo durante dez días a Feira do Libro de Pontevedra, dende o 13 ata o 21 de xullo, para rematar en Cangas, nun período menor de seis días, dende o 22 ata o 26 do mesmo mes.

Nestas datas e no stand de Deputación repartirase o catálogo de publicacións e poderanse ollar as principais novedades derivadas do labor editorial desenvolto no presente ano, tanto de publicacións periódicas como de monografías, das diferentes coleccións. Destacan entre as novedades as seguintes:

Pintar en la era digital de Carmen Hermo; **Historia de Vigo y su comarca**, reedición facsimil de José de Santiago y Gómez ; **Gallaecia** de José Bugallo; o vídeo **Amelia de Terra de Montes** de Federico de la Peña; **Adeus Norte** de Ramiro Fonte; **El viento del desierto** de Cecilio Muñoz Abela; **Marín, terra e mar. Os mareantes e a Confraría de San Miguel** de Eligio Rivas Quintas e José Rodríguez Cruz; **Andar ao leu** de Elvira Riveiro Tobío; **Anxo Cabada. Materia de sombras** de Anxo Cavada; **Os gozos e as sombras** de varios autores; **Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego** de Xosé A. Fernández Salgado; **A Casa de Valladares** de Felipe Castro Pérez; **Aves do río Gafos** da Asociación Vaipolorio e **O Mosteiro de Aciveiro. Terra de Montes** de Antonio Rodríguez Fraiz.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Ponte Caldelas actualiza o seu arquivo municipal logo da ampliación e reforma da Casa do concello

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.690 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
20 XULLO 2006

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal, situado nunhas axeitadas instalacións na recente ampliación da casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Ponte Caldelas, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nesta ocasión, ademais da reinstalación da totalidade do arquivo nas novas dependencias, incorporáronse 334 novas unidades de instalación, o que supón cerca de corenta e un metros lineais de documentación.

Dende o primeiro proceso en 1985, leváronse a cabo un total de sete actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.690 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1811 e 2006, e cunha base de datos formada por 9.620 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualizada a base de datos da Cartoteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 AGOSTO 2006

Coa recente actualización a base de datos da Cartoteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico conta na actualidade con más de 10.504 rexistros cartográficos. Estes datos, accesibles no catálogo en liña, estanse a revisar continuamente para lles ofrecer ós seus usuarios a información máis actualizada de todo o material cartográfico dispoñible no seu fondo, incluídas as últimas adquisicións.

A actualización da base de datos en liña é mensual e, ademais de incorporar os novos rexistros, nela modifícase tamén calquera erro ou duplicidade detectada, sempre coa finalidade de poñer a disposición dos seus usuarios a totalidade do fondo cartográfico a través do catálogo en liña na páxina web do Servizo. A última actualización levouse a cabo o día 20 de xullo de 2006.

Esta base de datos contén a información do material cartográfico da provincia de Pontevedra organizada por concellos, dispoñible na actualidade no fondo da Cartoteca en diferentes soportes, escalas e tipoloxías. O acceso o catálogo en liña entre outros conceptos permite buscar por concellos, título, escala, tipoloxía cartográfica, soporte ou calquera outro dato que aparezca no rexistro, ofrecendo a localización do documento de interese.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Lévase a cabo unha nova actuación no arquivo da Mancomunidade do Salnés

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 AGOSTO 2006

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo da Mancomunidade do Salnés, con 319 novas unidades de instalación e 39 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental á antedita Mancomunidade, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. A documentación conservada é resultado da xestión e dos servizos ofrecidos nos últimos anos polo organismo, cun carácter eminentemente administrativo e restrinxido ó seu ámbito xeográfico. Destaca a documentación derivada do control da xestión económica e a relacionada co desenvolvemento dos diversos plans, proxectos (Plan de excelencia turística, POMBAL, Fundación Biodiversidad, LIFE, Agenda ", Senda Verde..) e escolas-taller.

O anterior proceso desenvolveuse no ano 2004, coa documentación ainda en dependencias da casa do concello de Cambados; dende entón procedeuse ó traslado a un novo local na antiga casa de cultura e biblioteca de Cambados; nestas dependencias levouse a cabo esta nova actuación, na que se incorporou a nova documentación producida e ó mesmo tempo profundizouse no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 453 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1985 e 2005, e con suficientes instrumentos de descripción para o seu manexo e consulta, entre os que sobresae unha base de datos formada por 1.218 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade deste patrimonio documental atópase instalado nun local habilitado no baixo cuberta do edificio, dotado dos equipamentos necesarios para a súa función.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentará o luns, 2 de outubro, o libro *Tui. Presente, pasado y futuro, no edificio Área Panorámica de Tui, un traballo de divulgación cultural da cidade*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
27 SETEMBRO 2006

A Deputación de Pontevedra presentará o luns, 2 de outubro, ás 20:00 horas, o libro *Tui. Presente, pasado y futuro*, editado polo Servizo de Publicacións desta institución.

O acto terá lugar no edificio Área Panorámica de Tui e asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e o alcalde de Tui, Antonio Feliciano Fernández Rocha. Tamén se contará coa intervención de Rafael Sánchez Bargiela, director da biblioteca do Concello de Tui, e das coordinadoras do libro, Silvia González Soutelo e Marta Cendón Fernández.

Tui, presente, pasado y futuro recolle as investigacións sobre este enclave urbano, realizadas por varios conferenciantes con motivo da celebración dunhas xornadas sobre a historia da cidade. Trátase de análises e reflexións emitidas por unha serie de profesionais, entre os que se encontran profesores de universidade, membros da Administración pública, museólogos, historiadores, arqueólogos e arquitectos. Todos eles son especialistas (en varios dos casos membros do equipo redactor do Plan director del conjunto catedralicio de Tui) que teñen dedicado moito tempo e esforzo en coñecer a vila.

Fálase de pasado porque a cidade é froito dunha evolución histórica, dun presente no que se funde desenvolvemento e conservación dun legado arquitectónico único e dun futuro que está por chegar. Todos somos responsables na recuperación e conservación deste patrimonio.

Son en total 12 os estudos de investigación recollidos: Fronteiras e ciudades históricas como recurso turístico; Tui dende a arqueoloxía, Arqueología de Tui: el papel del enclave Tude en la antigüedad; La cristalización del espacio de Tui como espacio de poder en el siglo XI; La vida urbana en el Tui del siglo XV; El arte medieval en Tui: la catedral como foco receptor y difusor del románico y gótico; La ciudad de Tui en época moderna: sociedad y economía; Dos intervenciones arquitectónicas en la catedral de Tui en el siglo XVII: el doble claustro y el muro del trascoro; La vida y los milagros de San Telmo en la sillería del coro de la catedral de Tui; La revalorización del entorno monumental de la catedral de Tui. De las especulaciones del canónigo Cerviño a la actuación de Pons-Sorolla; El conjunto catedralicio de Tui: territorio, ciudad y monumento; e Tui: de musealizar o patrimonio ó museo da cidade.

Este traballo tenta ser, en definitiva, un primeiro paso na divulgación cultural da cidade, que conta cun importante conxunto histórico e artístico, co ánimo, tamén, de servir de base de futuros estudos neste sentido.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal de Lalín

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
29 SETEMBRO 2006

O concello de Lalín, mediante a contratación de José Ramón López Fernández, e coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación, acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal.

Nos últimos cinco meses incorporáronse un total de cincocentas setenta e seis novas unidades de instalación, que supoñen setenta e dous novos metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa, que obrigou á instalación de novos equipamentos no local do arquivo.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello. Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a acabo un total de cinco actualizacións, das que as tres últimas foron desenvoltas mediante contratación feita polo propio concello; en cada unha delas foise incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.152 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1841 e 2006 e unha base de datos formada por 17.603 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Lalín atópase instalado no anterior local da biblioteca municipal, que conta hoxe tamén co "Museo de Títeres" na súa primeira planta. Ocupa o arquivo unha superficie aproximada de setenta metros cadrados, cunha ampla sala rectangular que se complementa cos espacios de acceso a esta; neste espacio dispuxéronse os equipamentos suficientes para a instalación da totalidade das unidades de instalación, contando con mesa de consulta, ficheiro e ordenador.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Edítanse catro novos números da colección “Patrimonio Documental da Provincia de Pontevedra”

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 03 OUTUBRO 2006

Os exemplares que acaban de sair da imprenta corresponden ós números 59 a 62, ambos inclusive, e achegan os inventarios dos arquivos municipais de Bueu, Nigrán e Tui, así como o da Cámara Agraria Provincial, organizados polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental nos últimos anos.

Cada un deles recolle a información básica sobre o arquivo nunha breve guía, con información concisa sobre a realidade da institución xeradora da documentación, sobre as instalación onde se atopa a documentación e sobre as características básicas desta mesma.

Complétase esta guía en primeiro lugar coa información relativa ós fondos, expresada no cadre de clasificación cos datos de cada unha das series documentais existentes no arquivo, as súas datas extremas e as unidades de instalación nas que se atopan. De seguido insírese o inventario somero da totalidade das unidades de instalación, ordenada topograficamente, que recolle a información de dada unha delas, coas series que conteñen e as súas datas extremas.

No número 59 recóllese a información relativa ó arquivo municipal de Bueu, reorganizado e depositado na casa de cultura de Cela no ano 2004, contando daquela con 2.769 unidades de instalación.

No seguinte volume preséntase o inventario do arquivo da Cámara Agraria Provincial e os das Irmandades e cámaras agrarias locais de Pontevedra e Vilanova de Arousa, dos que se atopaba depositada neste arquivo unha pequena parte da súa documentación orixinal. A organización deste fondo, a solicitude da Institución produtora, desenvolvérase no ano 2004, inventariándose 760 unidades de instalación.

Pola súa parte os números 61 e 62 corresponden respectivamente os arquivos municipais de Nigrán e Tui. No caso de Nigrán inventariáronse no ano 2005 un total de 4.556 unidades de instalación, mentres que en Tui, ó longo dese mesmo ano e no 2006 alcanzouse a cifra de 4.163 unidades de instalación.

A información achegada polos catro volumes editados supón unha garantía máis de conservación e servizo ós cidadáns, e complementase coas bases de datos coas que conta cada arquivo con información a nivel de expediente, con maior profundidade e facilitando a localización de calquera expediente.

Dáse a circunstancia de que estes tres arquivos municipais contan con persoal municipal dedicado especificamente ó seu tratamento, polo que, ó seren institucións vivas, teñen aumentado os seus fondos dende as actuacións reseñadas. Calquera actualización futura recollerase, como se ten feito coa totalidade dos inventarios xa publicados, na páxina web do servizo archivos.depontevedra.es

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Rodeiro actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
16 OUTUBRO 2006

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos dous últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Rodeiro, con duascentas tres novas unidades de instalación e vintesete metros lineais de documentación, correspondente a súa xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Rodeiro, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, así como dos do seu xulgado de paz e da cámara agraria local.

Dende o primeiro proceso en 1993, leváronse a cabo un total de cinco actualizacíons, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.016 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1850 e 2006, e cunha base de datos formada por 7.308 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Rodeiro instalado no local habilitado na segunda planta da nova edificación anexa á casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

O venres 20 de outubro, terá lugar a presentación do vídeo *Petróglifos. Testemuñas do tempo*, de Federico de la Peña, no Padroado de Turismo Rías Baixas

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 OUTUBRO 2006

O Servizo de Publicacións e o Arquivo Audiovisual da Deputación de Pontevedra presentarán o venres, 20 de outubro, ás 20.00 horas, o vídeo Petróglifos. Testemuñas do tempo.

Ó acto, que vai ter lugar na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas, asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e o realizador do vídeo, Federico de la Peña. Tamén se contará coa intervención de Francisco Rozados "Rochi", licenciado en Historia Contemporánea e escritor.

Este documental de 25 minutos de duración mostra, por primeira vez en España, a arte rupestre galega, actualmente en grave perigo de desaparición por causas humanas e de grande importancia por se tratar dunha das manifestacións prehistóricas más importantes de Europa e dun signo de identidade da nosa terra.

Estes gravados, que realizaron os nosos antepasados neolíticos, principalmente entre o segundo e o terceiro milenio a.C., demostran que nesta época se mantíñan relacións culturais e quizais comerciais cos pobos do Atlántico norte e do Mediterráneo.

É fundamental destacar a dificultade na filmación deste vídeo, dado o penoso estado de conservación da arte rupestre en Galicia. De feito, os gravados aparecen cubertos de lixo, pintados, raiados, rodeados de vexetación que propicia os incendios forestais e increíblemente abandonados polos responsables da súa conservación.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro “Herdanza da emigración ultramarina. Catálogo fotográfico da arquitectura escolar india na provincia de Pontevedra”, na escola Aurora del Porvenir, en Tomiño

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 NOVEMBRO 2006

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará o venres, día 17 de novembro, ás 19.00 horas, o libro Herdanza da emigración ultramarina. Catálogo fotográfico da arquitectura escolar india na provincia de Pontevedra.

Ó acto, que se vai celebrar na escola Aurora del Porvenir, en Tomiño, asistirá o autor do libro, Xosé M. Malhiero Gutiérrez, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, e mais o deputado provincial de Cultura, José Juán Durán Hermida. Presentarán o libro Isabel Moure Alonso, presidenta da Asociación Aurora, e Bieito Alonso Fernández, mestre do Instituto Francisco Sánchez.

Esta publicación recolle un estudo do movemento escolarizador desenvolvido en Galicia polos galegos que emigraron a América. Unha maioría dese colectivo emigrante, de feito, sensibilizada coas carencias escolares padecidas en Galicia, aproveitou a prosperidade económica para promover o ensino nas súas zonas de orixe.

Un profundo proceso educativo tivo lugar, así, ó longo do primeiro terzo do século XX, abrindose máis de 300 aulas debido a estes impulsos. Estas escolas rurais naceron co ánimo de transformar e elevar o nivel de vida dun país que permanecía estancado no Antigo Réxime.

O profesor Xosé Manuel Malhiero deixa composto nesta ocasión un catálogo fotográfico da arquitectura escolar india, concretamente da provincia de Pontevedra, xunto con fichas informativas, textos de época, notas introductorias e referencias de investigación.

A través da súa lectura poderemos realizar unha viaxe polas escolas pontevedresas promovidas dende a emigración, proxectos escolares encamiñados a acadar unha paulatina mellora social.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O mércore, 15 de novembro, terá lugar a presentación do libro "Flora da Illa de Ons", editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 NOVEMBRO 2006

A Deputación de Pontevedra presentará o mércore, 15 de novembro, ás 20.00 horas, o libro Flora da Illa de Ons, editado polo Servizo de Publicacións desta institución.

O acto terá lugar no Museo Massó, en Bueu, e asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e as autoras do libro, María G. Souto Figueiroa e M^a Pilar de Sá Otero. Tamén se contará coa intervención do profesor de Botánica da Universidade de Vigo, José María Sánchez Fernández, que fará a presentación do libro.

Este traballo de investigación sobre o compoñente vexetal da Illa de Ons dá a coñecer unha parte de Galicia ainda pouco estudiada dende o punto de vista botánico.

O libro presenta, en primeiro lugar, unha sinopse histórica da illa, desde o ano 899, data na que se atopa a primeira referencia escrita de Ons, ata os nosos días. No ano 2002 o arquipélago de Ons e Onza pasan a formar parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, xunto co arquipélago de Cíes, arquipélago das illas de Sálvora e illotes do seu contorno e as illas de Cortegada.

Tamén se fai referencia nas súas páxinas ó medio xeográfico da illa así como ó seu clima e vexetación. Malia a influencia humana, destácanse unha serie de especies de interese, por seren plantas de área reducida ou porque a súa presenza en Galicia ten un especial significado dende o punto de vista bioxeográfico. Recóllese, así mesmo, un mapa da illa e unha relación de plantas alergóxenas que representan un problema de sensibilidade para algunas persoas.

A continuación, incorpórase un catálogo completo das plantas de Ons, formado por 351 especies pertencentes a 77 familias. Móstrase a descripción e fotografía sobre o terreo das especies, que foron herborizadas ó longo de máis de catro anos de vías continuados á illa.

Completan o traballo varios índices, cos nomes vulgares das plantas en galego e castelán, ademais dos seus nomes científicos.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará o mércores, 22 de novembro, o libro "Marta Filgueira. Fotografía", pertencente á colección Arte

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
17 NOVEMBRO 2006

A Deputación de Pontevedra presentará o mércores, 22 de novembro, ás 20.00 horas, o libro "Marta Filgueira. Fotografía", editado polo Servizo de Publicacións desta institución.

O acto terá lugar no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (Marco) e asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e a autora do libro, Marta Filgueira. Tamén intervirá a profesora de Arte contemporánea da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Silvia García González, que fará a presentación do libro.

Esta publicación contén unha colección de imaxes ordenadas segundo un criterio cronolóxico. Os anos entre os que se datan as fotografías son 1982 e 1998. Trátase de imaxes en branco e negro realizadas con varias cámaras analóxicas e reveladas pola súa autora no seu propio laboratorio ó longo destes dezaseis anos. Para a elaboración do libro ela mesma procedeu á dixitalización dos negativos e ó seu retoque por ordenador, pero reducindo sempre ó mínimo a intervención sobre eles.

A disposición das imaxes nas páxinas concibiuse seguindo as posibilidades visuais que ofrece o obxecto libro, polo que a contíguidade outorga un valor ás fotografías baseado nas relacións que estas establecen coas imaxes das páxinas precedentes e seguintes. Este concepto da imaxe como fotograma pertencente a unha secuencia está presente no traballo fotográfico de Marta Filgueira dende os seus inicios, aínda que sexa esta a primeira vez que se adapta ó soporte bibliográfico. A pesar disto cada imaxe ten tamén un valor autónomo, polo que pode entenderse e apreciarse sen referencia a ningunha outra.

Iconograficamente podemos afirmar que o que recolle esta colección de fotografías é a propia autobiografía da autora. Cáptanse e conxélanse para o recordo os lugares e momentos nos que transcorre a súa xuventude, dende o seu propio corpo, a casa na que habita, as relacións cos amigos e amigas, a cidade natal, as praias e os bosques do contorno de Vigo, e as cidades que sempre a fascinaron: Oporto, Lisboa, París, Londres, Roma...

Desta maneira vemos nesta recompilación de imaxes de Marta Filgueira unha actualización dos xéneros clásicos da paisaxe e a paisaxe urbana, o retrato ou a nudez.

A narración autobiográfica, a depuración formal, a investigación sobre as posibilidades expresivas da fotomontaxe como fonte de fixación do onírico e de creación do surreal, e sempre e ante todo o interese pola luz como elemento xerador da imaxe fotográfica son algúns dos parámetros que nos permiten definir este traballo.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentará o venres, 24 de novembro, o libro "Pontevedra litoral: hacia una ciudad continua", editado polo Servizo de Publicacións

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
20 NOVEMBRO 2006

O venres, 24 de novembro, ás 19.00 horas, presentarase no Padroado de Turismo Rías Baixas o libro "Pontevedra litoral: hacia una ciudad continua", editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Duran Hermida, o autor do libro, Miguel Pazos Otón, e mais o profesor de Xeografía Xosé Manuel Santos Solla.

A expansión do urbano é un trazo característico nos territorios nas últimas décadas do século XX. Esta difusión do urbano e a súa extensión polo territorio permite falar do concepto de "cidade continua", unha imaxe que na actualidade se estende á práctica totalidade de "Pontevedra litoral".

É este precisamente o título desta publicación realizada por Miguel Pazos Otón, unha análise da mobilidade que ten como espazo de estudio a provincia de Pontevedra. Para iso o autor analiza, así mesmo, os elementos que inflúen e condicionan esta mobilidade: humanos (demográfico e económico) e físicos (infraestrutura e modos de transporte).

A construcción da autopista do Atlántico e as melloras na rede viaria pública, así como o ferrocarril, foron en Pontevedra elementos determinantes para incrementar esta mobilidade da poboación. Inmerso dentro da dinámica do Eixe Urbano Atlántico galego, o litoral pontevedrés é hoxe un espazo fortemente interrelacionado.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará o mércores, 29 de novembro, o libro "Vigo y los tiempos vividos al trasluz de la postal antigua"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 NOVEMBRO 2006

O mércores, 29 de novembro, ás 20.00 horas, presentarase na sala de conferencias do Centro cultural Caixanova, en Vigo, o libro "Vigo y los tiempos vividos al trasluz de la postal antigua", editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o autor do libro, Salvador Fernández de la Cigoña, e mais o xornalista Xosé Manuel Rubín Carballo, que presentará o libro.

Con esta publicación o autor pretende trasladar o lector ó Vigo de principios do século XX e camiñar ata os anos 30 da pasada centuria.


Neste traballo cóntase esa pequena historia dos habitantes de Vigo, prestando atención ás súas rúas, ós problemas sociais, ós establecementos comerciais, industrias, actividade pesqueira, escolas, prensa e ós accidentes e incidentes de todo tipo que aconteceron na cidade.

En definitiva, inténtase contar como foi a época vivida daqueles vigueses pioneiros na creación do gran Vigo daqueles xa afastados anos do branco e negro.

As postais que acompañan este libro son o complemento perfecto para rememorar aqueles tempos pasados ... talvez é o texto o complemento das postais. Por algo se di que "una imaxe vale máis que mil palabras".

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Técnicos da Cartoteca Provincial asistiron ó 2º Encontro do Grupo de Traballo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas (IBERCARTO): “*Dos Produtores aos Utilizadores: Perspectivas Actuais do Acesso à Información Cartográfica*”, que se celebrou en Lisboa os días 23 e 24 de novembro de 2006 na Biblioteca Nacional de Portugal.



Técnicos da Cartoteca Provincial, como membros do Grupo de Traballo IBERCARTO, asistiron por primeira vez ó **2º Encontro do Grupo de Traballo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas (IBERCARTO)**: “*Dos Produtores aos Utilizadores: Perspectivas Actuais do Acesso à Información Cartográfica*”, que se celebrou en Lisboa os días 23 e 24 de novembro de 2006 na Biblioteca Nacional de Portugal.

O 7 de outubro de 2004 constituíuse en Sevilla o "Grupo de Traballo de Cartotecas públicas Hispano-Lusas" (Ibercarto). Este grupo quere reunir ós profesionais que traballan nas cartotecas públicas españolas e portuguesas co obxectivo de establecer un diálogo e un intercambio de coñecementos en torno á adquisición, conservación, catalogación e difusión das coleccións públicas cartográficas.

A orixe deste grupo remóntase a unha reunión celebrada en Madrid o 27 de outubro de 2003 que xuntou a máis de 40 profesionais e desde a cal se impulsou esta iniciativa. A reunión de Sevilla foi a primeira das que se queren organizar bianualmente e onde se van tratar temas que preocupan ós profesionais das cartotecas.

Este 2º Encontro tivo como obxectivo fundamental ofrecer un panorama actual das diferentes perspectivas de acceso á documentación cartográfica, desde a producción e distribución ás formas de dispoñibilidade para o público.

Os temas a abordar incidiron, esencialmente, sobre aspectos técnicos da producción de información secundaria, tratando de facilitar a cooperación entre diferentes tipos de institucións, co fin de mellorar o acceso público ós documentos cartográficos.

O programa incluíu perspectivas e experiencias de institucións produtoras, de bibliotecas, de archivos e de cartotecas universitarias de Portugal e España.

Unha nova actuación no arquivo municipal das Neves incorpora 169 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
27 NOVEMBRO 2006

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal das Neves, con 169 novas unidades de instalación e 21 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello das Neves, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos..

Dende o primeiro proceso en 1990 leváronse a acabo un total de sete actualizacíons, que foron incorporando a nova documentación producida e ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.056 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1764 e 2006, e con suficientes instrumentos de descripción para o seu manexo e consulta, entre os que destaca unha base de datos formada por 8.809 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello das Neves atópase instalado nun local habilitado no semisoto, con acceso dende a parte posterior da casa do concello, no que se completaron nesta ocasión os seus equipamentos para poder dispor a nova documentación transferida.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Técnicos da Cartoteca Provincial asistiron ó 2º Encontro do Grupo de Traballo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas (IBERCARTO): "Dos Produtores aos Utilizadores: Perspectivas Actuais do Acesso à Información Cartográfica"

Celebrado en Lisboa os días 23 e 24 de novembro de 2006 na Biblioteca Nacional de Portugal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 NOVEMBRO 2006

Técnicos da Cartoteca Provincial, como membros do Grupo de Traballo IBERCARTO, asistiron por primeira vez ó **2º Encontro do Grupo de Traballo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas (IBERCARTO)**: "Dos Produtores aos Utilizadores: Perspectivas Actuais do Acesso à Información Cartográfica", que se celebrou en Lisboa os días 23 e 24 de novembro de 2006 na Biblioteca Nacional de Portugal.

O 7 de outubro de 2004 constitúuse en Sevilla o "Grupo de Traballo de Cartotecas públicas Hispano-Lusas" (Ibercarto). Este grupo quere reunir ós profesionais que traballan nas cartotecas públicas españolas e portuguesas co obxectivo de establecer un diálogo e un intercambio de coñecementos en torno á adquisición, conservación, catalogación e difusión das coleccións públicas cartográficas.

A orixe deste grupo remóntase a unha reunión celebrada en Madrid o 27 de outubro de 2003 que xuntou a máis de 40 profesionais e desde a cal se impulsou esta iniciativa. A reunión de Sevilla foi a primeira das que se querían organizar bianualmente e onde se van tratar temas que preocupan ós profesionais das cartotecas.

Este 2º Encontro tivo como obxectivo fundamental ofrecer un panorama actual das diferentes perspectivas de acceso á documentación cartográfica, desde a producción e distribución ás formas de dispoñibilidade para o público.

Os temas a abordar incidiron, esencialmente, sobre aspectos técnicos da producción de información secundaria, tratando de facilitar a cooperación entre diferentes tipos de institucións, co fin de mellorar o acceso público ós documentos cartográficos.

O programa incluíu perspectivas e experiencias de institucións produtoras, de bibliotecas, de arquivos e de cartotecas universitarias de Portugal e España.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Boa parte dos fondos bibliográficos editados polo Servizo de Publicacións entregaránse os institutos da cidade de Pontevedra nun acto público que terá lugar o mércores 13 de decembro

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 DECEMBRO 2006

O mércores, 13 de decembro, ás 11.00 horas, terá lugar no Pazo provincial un acto público de entrega ós institutos da cidade de Pontevedra dos fondos bibliográficos editados pola Deputación de Pontevedra.

Ó acto asistirá o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así coma os directores dos respectivos centros de educación.

O Servizo de Publicacións da institución provincial acordou a cesión destes lotes de libros co ánimo de dotar e divulgar os seus fondos editoriais, tal e como se vén facendo dende hai anos. Con esta doazón preténdese poñer, así mesmo, a disposición dos alumnos e do profesorado unha parte representativa dos xa 542 libros que conforman o catálogo de publicacións.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará o luns, 11 de decembro, o libro "Conferencia mágica"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 DECEMBRO 2006

A Deputación de Pontevedra presentará o luns, 11 de decembro, ás 20.00 horas, o libro Conferencia mágica, editado polo Servizo de Publicacións desta institución.

O acto terá lugar no Café Moderno e asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e o autor do libro, Javier del Amo. Tamén intervirá o catedrático da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Juan Fernando de la Iglesia, que fará a presentación do libro.

Constitúe este traballo o número 25 da Colección Arte & Estética, unha serie que engrosa unha parte importante do Catálogo de Publicacións e que recolle obras relacionadas co mundo da actividade artística. Conferencia mágica é unha reflexión do autor, Javier del Amo, a partir dunha conferencia na Facultade de Belas Artes, unha luminosa e esperada reconciliación do autor consigo mesmo como escritor e rememorador.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Boa parte dos fondos bibliográficos editados polo Servizo de Publicacións entregaránse os institutos da cidade de Pontevedra nun acto público que terá lugar o mércores 13 de decembro

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 DECEMBRO 2006

O mércores, 13 de decembro, ás 11.00 horas, terá lugar no Pazo provincial un acto público de entrega ós institutos da cidade de Pontevedra dos fondos bibliográficos editados pola Deputación de Pontevedra.

Ó acto asistirá o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así coma os directores dos respectivos centros de educación.

O Servizo de Publicacións da institución provincial acordou a cesión destes lotes de libros co ánimo de dotar e divulgar os seus fondos editoriais, tal e como se vén facendo dende hai anos. Con esta doazón preténdese poñer, así mesmo, a disposición dos alumnos e do profesorado unha parte representativa dos xa 542 libros que conforman o catálogo de publicacións.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O venres, 15 de decembro, terá lugar a presentación do libro "Lingua en sociedade. A aldea da Xesteira", editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
12 DECEMBER 2006

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará o venres, día 15 de decembro, ás 19.30 horas, o libro Lingua en sociedade. A aldea da Xesteira.

Ó acto, que se vai celebrar no Centro multiusos de Carballedo, en Cotobade, asistirá a autora do libro, María Dolores Villanueva Gesteira, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, a concelleira de Cultura do Concello de Cotobade, Lina Garrido Garrido, e mais o presidente da asociación Cañón de Pao, Antón Vidal Andión. Presentará o libro Henrique Monteagudo Romero, profesor de Filoloxía galega da Universidade de Santiago de Compostela.

O estudo que se presenta neste libro baixo o título Lingua en sociedade. A aldea da Xesteira parte dun traballo universitario realizado entre finais de 2004 e comezos de 2005. A súa pretensión é ofrecer unhas conclusións sobre a situación sociolingüística da aldea da Xesteira a través do contexto de tres xeracións.

Pretendeuse obter unha imaxe veraz, detallada e realista da evolución da situación sociolingüística do galego nunha comunidade rural ao longo dos últimos sesenta anos, na que salientan os factores socioculturais e políticos que máis influíron nela: a política represiva da ditadura e tolerante da democracia, a promoción do galego nos últimos anos e a emergencia do estándar mediático (TVG), o peso do sistema educativo, os cambios de residencia e de status social, os matrimonios con persoas de fóra.... A enquisa a tres persoas dunha mesma familia pertencentes a xeracións diferentes posibilitou ver as impresións, as imaxes e as vivencias sociolingüísticas que suscita o galego e cotexalas en varios eixes: idade, sexo, nivel de estudos, hábitat... Esta diversidade é a que, sen ningunha dúbida, enriqueceu infinitamente este ensaio.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Deputación de Pontevedra presentará o sábado, 16 de decembro, o libro “Enrique Rajoy Leloup. Un protagonista do autonomismo galego”, editado polo Servizo de Publicacións

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 DECEMBRO 2006

O sábado, 16 de decembro, ás 11.30 horas, presentarase no Pazo provincial o libro Enrique Rajoy Leloup. Un protagonista do autonomismo galego, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o autor do libro, Baldomero Cores Trasmonte, e mais o profesor de Historia da Arte Xosé Manuel López Vázquez, que presentará o libro.

Segundo a presenza da figura política de Enrique Rajoy, Baldomero Cores reflicte un momento de especial significado para o pobo galego. Enrique Rajoy foi, de feito, xunto con Alexandre Bóveda e Bibiano Fernández Osorio Tafall, un dos protagonistas do proceso estatutario galego que, iniciado en 1931, rematou coa elevación a Cortes en 1936 do proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia.

Este traballo tenta ser un estudo detallado deste terceiro integrante da trilogía do proceso autonomista galego. Permitirános coñecer o ambiente e rede familiar de Enrique Rajoy, a súa época de estudante e a súa traxectoria profesional. Coñeceremos así mesmo o seu ideario político e social, o labor dun pensador autonomista que aunou posturas para levar a cabo o que el mesmo definiu como unha demostración de cidadanía.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Unha exposición recolle a actividade do Servizo de Publicacións da Deputación nos seus primeiros vinte anos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Gabinete de Comunicación
13 DECEMBRO 2006

A Deputación de Pontevedra vai celebrar o 20 aniversario do seu Servizo de Publicacións cunha exposición na planta baixa do Pazo Provincial na que se fará un percorrido pola súa actividade durante este período. A través de paneis informativos, vitrinas, vídeos e unha sala de consultas as persoas que se acheguen ata a sede da Deputación nas vindeiras semanas poderán coñecer os seus cometidos, funcións e actividade nestes vinte anos.

Mediante esta exposición, que poderase visitar a partir da súa inauguración o 14 de decembro e ata o 4 de xaneiro, a Deputación pretende dar a coñecer a labor deste servizo e a súa implicación coa cultura, co noso idioma e coa realidade da nosa provincia. Dentro da mostra poderase coñecer a colección de postais antigas do servizo, os monográficos sobre artistas como Leiro, Freixanes, Moldes ou Lamazares publicados, as obras de crítica artística, as publicacións de investigación e ensaios e outras temáticas moi afianzadas na colección de libros da Deputación como a etnografía, a heráldica, a natureza, poesía (a través da colección Tambo), o patrimonio documental da provincia ou publicacións sobre socioloxía e antropoloxía.

Cabe destacar que dende os seus inicios o Servizo de Publicacións apostou pola edición de libros históricos un exemplo foi o libro de Hipólito Padull, Opúsculo sobre el azufrado de las viñas, e fixo posible a saída ó mercado de obras de Murguía ou de Valle-Inclán e mercou obras consideradas de interese coma El apóstol Santiago, Río Lérez ou Flor de Santidad.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Aberta ó público a exposición "Editorial Deputación. 20 anos ó servizo da cultura", no Pazo provincial

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 DECEMBRO 2006

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra inaugurou o venres, 15 de decembro, no Pazo provincial, a exposición "Editorial Deputación. 20 anos ó servizo da cultura", en conmemoración dos 20 anos de funcionamento deste Servizo.

A mostra permanecerá aberta ó público todos os días, ata o 4 de xaneiro, en horario de 11.30 a 14.30 horas e de 17.30 a 20.30 horas.

A exposición ofrece un percorrido pola historia do Servizo a través de varios paneis explicativos. Unha serie de vitrinas recolle, así mesmo, boa parte das publicacións editadas durante estas dúas décadas de existencia, reflexo da tradicional disposición da Deputación en apoio ó mundo da natureza, a arte ou a educación, entre outros. A exposición complétase cunha serie de vídeos que exemplifican parte da producción audiovisual propia.

Por último, ofréceselles ós visitantes a posibilidade de realizaren consultas interactivas a través de dúas pantallas; unha visita virtual á páxina web da Deputación que permitirá acceder a todas as publicacións xa catalogadas en rede.

En definitiva, o obxectivo final desta exposición é o de achegarlle o Servizo ó ciudadán, darrle a coñecer o seu funcionamento e poñer á súa disposición unha parte representativa do traballo desenvolvido durante estes 20 anos de actividade.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Continúa o proceso de reorganización e posta ó día no arquivo municipal de Soutomaior

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 DECEMBRO 2006

Personal técnico da Deputación vén desenvolvendo dende fai sete meses un arduo e continuado proceso de reorganización e posta ó día no arquivo municipal de Tui, coa intención de mellorar unha situación dificultosa que estaba a complicar xa o funcionamento da Administración.

Fixo falla previamente unha decisión política cara á dotación das instalacións e equipamentos necesarios, de xeito que se ampliasen os locais destinados ó arquivo, coincidindo coas obras de mellora da casa do concello. Na nova superficie construída habilitouse un novo local para esta finalidade, para o que se adquiriu estantería compactada resolvéndose así unha premisa previa que impedía un regular proceso de actualización en anos precedentes.

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental está organizando o conxunto documental, coa mesma estrutura e formulación técnica có resto da provincia, incluíndo os considerables fondos producidos dende o anterior proceso de organización, nos anos 1987, 1991 e 1994 e, finalmente, elaborando os instrumentos de control e información necesarios: cadre de clasificación, inventario somero e inventario detallado, utilizando para isto os medios informáticos habituais.

Para desenvolver este traballo, por mor das obras na casa do concello, foi necesario trasladar o conxunto documental as instalacións da casa de cultura da parroquia de Soutomaior, onde se veñen levando a cabo os diferentes procesos técnicos. Albiscándose xa o final do proceso nos vindeiros meses, un grupo de catro licenciados co apoio de persoal administrativo incorporaron xa máis de seiscentas unidades de instalación e a base de datos do inventario detallada supera os sete mil rexistros, que veñen a describir os documentos e expedientes que integran o arquivo.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentará o mércores, 20 de decembro, o libro Manuel Gómez Román, na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 DECEMBRO 2006

O mércores, 20 de decembro, ás 20.00 horas, presentarase na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) o libro Manuel Gómez Román, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirán o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, ou o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, un dos autores do libro, José Ramón Iglesias Veiga, o concelleiro de Cultura do Concello de Vigo, José Ignacio López-Chaves Castro, e mais a presidenta do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), Marian Leboreiro Amaro.

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, en colaboración co COAG, presenta esta biografía técnica do arquitecto vigués nado no último terzo do século XIX. O libro, editado na imprenta da Deputación, é un estudo, fundamentalmente profesional, dun dos representantes xenuíños da arquitectura nacionalista, que xunta o seu amor á terra, á paisaxe, ó estilo e ós materiais co seu sentir ideolóxico.

O libro, cheo de reproducións de proxectos do arquitecto, conta co limiar de José Ignacio López-Chaves Castro. Continúa coa interpretación da época e do personaxe, a cargo de Francisco Fernández del Riego, baixo o título "Galicia no espello: Manuel Gómez Roman". "As esquinas, unha forma de construír a cidade", é a achega de Marian Leboreiro Amaro, e José Ramón Alonso Pereira achega no libro a súa visión das "Arquitecturas rexionalistas españolas na idade de Prata". Pola súa banda, José Ramón Iglesias Viega pecha o libro coa "Definición dun rexionalismo de contidos galaicos na obra de Manuel Gómez Roman".

Catálogo, cronomoxía e bibliografía rematan este interesante libro, que conta coa fotografía de Manuel G. Vicente e co deseño e maquetación de Xerardo Pérez Medraño e Xosé Vijande López.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O venres 22 de decembro, o Servizo de Publicacións presentará os últimos números da colección Tambo, serie dedicada á poesía

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 DECEMBRO 2006

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará este venres, 22 de decembro, ás 20.00 horas, os cinco últimos números da colección Tambo, serie dedicada á poesía.

Son os poemarios "Filoxenia do sangue", de Xabier Paz, "A camelia oxidada", de Fidel Vidal, "Poesía barata", de Manuel R. Romón, "Océano e silencio", de Antón Patiño, e "Parábola do incrédulo", de Manuel Álvarez Torneiro.

Ó acto, que terá lugar na Galería Sargadelos, asistirán os autores, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, ou o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e mais o xornalista e coordinador da colección Tambo, Luís Rei Núñez, que fará a presentación dos libros.

Con estas cinco últimas entregas para a colección, son xa 32 os libros que integran esta serie dedicada á poesía e orientada a publicar as obras de poetas xa asentados, cunha ampla traxectoria no campo da lírica.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actuacións prioritarias do Servizo de Publicacións cara ó 2006

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 XANEIRO 2006

O Servizo de Publicacións publicou o ano 2005 un total de 50 libros, representativos das dezaoito coleccións que está a desenvolver a editorial desta institución.

Estas numerosas series, así como as revistas (Pontevedra, Pontenova e Pontenorga), que forman parte do fondo editorial, son mostra da tradicional disposición en apoio ó mundo da poesía, ensaio, arte... pero sempre cun referente común, a investigación referida á nosa Comunidade Autónoma e, más concretamente, á provincia de Pontevedra. Galicia convértese no eixe fundamental de estudio e, neste sentido, o idioma galego é tamén un referente fundamental. De feito, en 2005, seguindo a pauta dos últimos anos, o número de publicacións en galego foi en aumento, superando as editadas en castelán.

Ademais da promoción do idioma galego, cara ó 2006, este Servizo, ten marcadas, entre outras, as seguintes actuacións prioritarias:

- Completar a colección Patrimonio documental da provincia de Pontevedra, poñendo á disposición dos cidadáns a información relativa ó patrimonio documental da provincia, nunha aposta pola unificación a nivel nacional.
- Ampliación da serie A provincia en imaxes co ánimo de reflectir a través da imaxe aspectos da vida cotiá nos concellos, os seus monumentos, riquezas naturais, usos e costumes.
- Difusión da cultura a través de actividades artísticas na serie Arte e presentación de novas formulacións en torno á obra plástica na serie Arte & Estética.
- Potenciar a colección Ensaio e investigación, coa incorporación de títulos de carácter etnográfico e de ámbito local.
- Promover as publicacións periódicas, continuando a periodicidade que hoxe a caracteriza.

En definitiva, estes distintos espazos pretenden servir de estímulo á creación artística, ó estudio e ó labor investigador en xeral. O obxectivo final é o de información cidadá: a recuperación, promoción e divulgación dos valores culturais do pobo galego.

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>